

BRIEFING DA DIRECTORA DE CARREIRA

A Directora de Carreira, Comité Organizador, Oficiais e Voluntarios danvos a benvida o VIII Rallye de Pontevedra a todos os equipos participantes na proba.

Antes do comezo do rallye gustaríame recordarvos certos aspectos:

- **CERIMONIA DE SAIDA:**
 - Os equipos terán que acudir a cerimonia de saída cos monos de competición.
 - Non será necesario nin declaración de pneumáticos nin haberá marcaxe dos mesmos.
 - A orde de saída da cerimonia, será en orden natural.
- **PARQUE DE TRABALLO E PARQUE PECHADO:**
 - Na xornada do Venres 5 de Xuño de 2026, a recollida de carnets de ruta realizarase no control horario de saída da cerimonia de saída, e o Sábado 6 de Xuño de 2026 no primeiro sector se recollerán no control horario de saída do parque pechado o resto de carnets serán entregados no control horario da entrada do reagrupamento.
 - Na xornada do Sábado realizarase o marcaxe de pneumáticos a saída do parque de traballo.
 - Tanto no **C.H. 0.A** como no **C.H. 6.A** que serán respectivamente o control horario de entrada a parque pechado do venres e control horario de entrada a parque pechado do sábado, esta permitida a entrada por adianto.
 - No Campeonato de Galicia implantouse o uso obrigatorio do **Refuelling** e as normas a seguir son as do artigo 14 das Prescricións Comúns dos Campeonatos de Galicia e no artigo 21 do Regulamento Xeral do Campeonato de Galicia de Rallyes.
 - O **acceso o parque de traballo dos vehículos participantes** realizarase pola Rúa Barrosa, como ben indica o Libro de Ruta. Habilitarase o arcen da marxe dereita con conos para a espera dos vehículos participantes e non entorpecer así o tráfico habitual da rúa, xa que será unha estrada aberta ao tráfico.
 - O **acceso o parque de traballo dos vehículos de asistencia** estará habilitado solo pola saída do parque de traballo (en fronte o Cámping Baltar), para así non entorpecer o acceso os vehículos participantes.
- **DESENROLO DA PROBA:**
 - O **superrallye** poderán solicitar todos aqueles participantes que abandonen durante a 1ª Sección, empregando o modelo da paxina 165 do libro de ruta. Reengancharanse no **C.H. 4.A** que corresponde a entrada do **2º Reagrupamento e inicio da 4ª Sección**. Debendo estar solicitado como máximo ata 30 minutos antes da súa hora de entrada teórica no C.H. 4A, a entrada o 2º Reagrupamento. O superrallye seguirá as normas do artigo 15 do Regulamento Xeral do Campeonato de Galicia de Rallyes.
 - O **número de emerxencia** durante a proba será o 629464729
 - Recordade as normas de **uso do GPS** que están publicadas no Sportity da proba.
 - **Recordamos o artigo 24.2.1 do Regulamento Xeral do Campionato de Galicia de Rallyes 2026 que di:** Queda prohibido o seguimento do itinerario dun vehículo con ferramentas ou cuxos ocupantes teñan capacidade para realizar asistencias ós participantes. No caso de que algún vehículo do equipo teña que usar a mesma estrada que os participantes, seguindo o percorrido do

Roadbook, non se poderán deter xunto ós vehículos de competición, tendo que existir unha distancia mínima de 1 km entre ambos.

A Directora de Carreira

Diana Rivas Salgueiro

Diana R.S.

DC-03784-ESP/GA